




INFORME CORPORATIVO



2024-2028

QUEN SOMOS?

As Enfermeiras en Loita somos un grupo de **enfermeiras de toda Galicia** que **reclamamos a mellora das nosas condicións laborais**. Levamos décadas sendo **desatendidas pola Administración** e unímonos para alzar a nosa voz e dar a coñecer as condicións nas que traballamos:

- Máis do **50% do persoal de enfermaría** do Servizo Galego de Saúde é **temporal**, unha situación anormal que **inflúe negativa e directamente na nosa atención aos pacientes e no noso compromiso** co sistema sanitario.
- 
- Levamos décadas sen que o **Servizo Galego de Saúde valore a continua dedicación do persoal fixo** á atención prestada durante todos estes anos e os **aumentos retributivos e de xornada seguen estancados no tempo**.
 - As enfermeiras temporais **seguimos sen ter os dereitos laborais mínimos**:
 - **Contratos** de semanas, días ou horas
 - **Sen días libres** entre contratos e sen cumprir os períodos de descanso que marca a lei.
 - **Sen dereito a vacacións**.
 - **Pendientes do móbil**. Non coller o teléfono penalízannos ata 12 meses sen poder traballar
 - **A conciliación familiar é imposible**. As quendas de traballo coñécense con moi pouca antelación.
 - Acadar unha **praza en propiedade tarda en chegar unha media de 16 anos** debido á enorme temporalidade do sistema e ao escaso número de prazas que se ofertan. Pero cando chega a ansiada praza, os problemas seguen.
 - Por ese motivo no Servizo Galego de Saúde temos unha das **peores proporcións enfermeira/paciente de España e de Europa**. De feito **Galicia é a súa vez a segunda peor autonomía de toda España**.

A QUE NOS ENFRONTAMOS AS ENFERMEIRAS?

Son moitas as problemáticas as que nos enfrontamos as enfermeiras na nosa Comunidade. A **inestabilidade laboral** segue sendo **moi elevada** e **inflúe na calidade asistencial** que ofrecemos. Estamos tendo que traballar sometidas non só ao estrés que xera de por si unha **actividade laboral chea de responsabilidades**, como é a enfermaría, senón ao engadido que supón o **cambio habitual de Servizo** ou ubicación, a **incertidume** e a **presión** inherente por non poder desfrutar dunha estabilidade laboral.

O PROXECTO DUNHA ENFERMARÍA MELLOR



Este informe presenta o **proxecto dunha enfermaría mellor** que moitos non se atreven a asinar. Unha enfermaría que sexa **valorada por unha Administración que non teña medo a apostar por ela**. Unha enfermaría que ademais de verse reforzada coma un dos pilares da Sanidade Pública Galega terá, nun futuro non tan lonxano, a chave para moitos dos actuais problemas do Sistema.

A enfermaría axudará a facer do sistema de saúde un sistema **máis eficiente**, **augmentará a satisfacción** das e dos doentes, contribuirá a **redución de gastos** da man duns **coidados de calidade** aos pacientes crónicos cunha **prescripción enfermeira** complementaria. Así mesmo utilizarase como **ferramenta na Xestión hospitalaria** a incorporación da enfermería, **potenciando así o seu liderazo sen perder a sensibilidade** duns e dunhas profesionais que nos dedicamos aos doentes as vinte e catro horas do día.



"Se podes curar cura, se non podes curar, alivia e se non podes aliviar, consola"

OS DATOS DO NÚMERO DE ENFERMEIRAS NO SERGAS



As enfermeiras galegas presentamos o **segundo peor cociente enfermeira-doente do Estado Español** segundo datos do ano **2021** publicados polo INE. Por cada **1.000 galegos** hai **5,17 enfermeiras** e en España **6,25**. Con respecto ao resto dos países da Unión Europea, España ten por debaixo só a países coma Eslovaquia, Italia, Hungría, Bulgaria, Grecia ou Letonia.

De feito, do **2017 a 2021**, o número de **enfermeiras diminuíu en Galicia un -2,3%** (Fonte INE), sendo a **Comunidade Autónoma** que rexistrou a **maior perda de profesionais de enfermaría** de toda España. Segundo un estudo do CGE, en Galicia o **45,8%** das enfermeiras **pensou** nalgún momento en **deixar a profesión** e un **32,5%** delas **non volvería cursar o grado** se puidese dar marcha atrás.

É unha tendencia preocupante que falten profesionais, pero é máis preocupante non saber como solucionalo. As **administracións autonómicas**, **deben preparar con máxima urxencia un plan de futuro para a profesión enfermeira** e evitar que esta falta de planificación afecte á calidade asistencial e directamente ao doentes.



E PORQUÉ RECLAMAMOS MAIOR NÚMERO DE ENFERMEIRAS?

Moitos estudos científicos demostran que **a falla de enfermeiras aumenta a mortalidade no sistema sanitario**. No ámbito hospitalario por cada doente engadido por riba do ratio recomendado polas organizacións oficiais, aumenta a mortalidade entre un 7% e un 8% e se falamos de Unidades de Cuidados Intensivos pode chegar ata un 9%, polo que unha **sobrecarga asistencial** da enfermeira por riba das recomendacións da OMS **pode provocar moitos riscos**.

De novo a **OMS** no seu informe "*Global strategic directions for strengthening nursing and midwifery 2020*", **defende a necesidade real de contar con máis enfermeiras** poñendo **énfasis no contínuo envellecemento da poboación**, algo que **Galicia coñece ben** debido a crise demográfica que sofre dende fai anos.

O futuro máis inmediato da nosa sanidade **pasa polo envellecemento sostenido da poboación** e por un **aumento de doentes crónicos**, moitos de eles dunha gran complexidade, convivindo con varias patoloxías e con varios tratamentos farmacolóxicos e **para dar resposta a esta realidade asistencial só cabe aproveitarse do potencial das enfermeiras**.



O noso colectivo sempre reclamou a **aplicación do Rexistro de Profesionais Sanitarios (REPS)** que permitise unha adecuada **planificación e coordinación das políticas de recursos humanos** no Sistema Nacional de Saúde, pero dende a sinatura do Real Decreto 540/2017 que establece as bases **para regular o aspectos técnicos** deste solicitado rexistro, **pouco ou ningún avance tivemos**.

Sen datos oficiais, temos que traballar cos datos dispoñibles para calcular as razóns adecuadas e estes datos son os do **Consejo General de Colegios Oficiales de Enfermería de España**.

"Se podes curar cura, se non podes curar, alivia e se non podes aliviar, consola"

Segundo o *Consejo General de Colegios Oficiales de Enfermería*, Galicia necesita 8.851 enfermeiras para chegar á media da UE, pero a Xunta na súa OPE do ano 2022 ofertou só 1.556. Isto supón 6.795 menos das precisas, pese a que ao concurso-oposición se presentaron e foron admitidas, case 9.900 profesionais.

Por outra banda a OCDE publicou unha análise sobre a saúde e os sistemas de saúde dos países que a conforman. Unha publicación que volve sacar as cores a Sanidade Española, na que se presenta coma unha das que menos enfermeiras ten no mundo desenrolado.

Polo tanto e coma máxima reivindicación dende a nosa organización reclamamos a aposta sen titubeos polas enfermeiras.

| | | | |
|---------------------|-----------------|---------------------|-----------------|
| Meta (media UE) | 22.250 | Meta (media España) | 16.815 |
| Actuais | 8.851 | Actuais | 8.851 |
| Nova estabilización | 1.544 (818+726) | Nova estabilización | 1.544 (818+726) |
| Faltan | 11.855 | Faltan | 6.420 |



OS NÚMEROS OFICIAIS DO SERGAS



11.588

Enfermeiras
no SERGAS




5.581

Enfermeiras
propietarias
dunha praza



2.995



Enfermeiras
temporais en praza
vacante



3.012

Resto de enfermeiras
temporais

PERSONAL ENFERMARÍA: MEDIA DIARIA DE PROFESIONAIS 2023 (XANEIRO-ABRIL)



"Se podes curar cura, se non podes curar, alivia e se non podes aliviar, consola"



AS NOSAS PROPOSTAS

Entendemos como imprescindible na procura dunha enfermaría mellor e máis recoñecida os seguintes puntos:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT)

- Execución do **sistema de Rexistro de Profesionais Sanitarios (REPS)**, presentado no 2012 que permitirá cuantificar, como mínimo:
 - Prazas actuais
 - Previsións de xubilacións
 - Novas graduadas cada ano na comunidade
- Realizar **Descricións de Postos de Trabajo**, que permita:
 - Ao persoal saber as súas **responsabilidades** no posto e **competencias** requiridas.
 - Á administración desenvolver un **plan de formación e capacitación** para os postos.
 - A obriga de que os **cargos de xestión e liderado** teñan que estar debidamente **formados para o posto, mediante formación regrada**. Esta formación debe estar ofrecida, canto menos **por unha institución pública**.

"Se podes curar cura, se non podes curar, alivia e se non podes aliviar, consola"

- Posta en marcha dunha **Comisión Non Permanente/Grupo de traballo no Parlamento** para:
 - **Executar o Sistema de Rexistro de Persoal** e análise dos datos.
 - Crear a **metodoloxía para a realización das descrições de postos de traballo**.
 - **Mellora das razóns enfermeira/doente** en Atención Primaria e Atención Especializada. Esta debe ter en conta a **dispersión e pirámide da poboación galega**.
 - Acordo de **programas de fidelidade do persoal** que promova a súa retención, formación e benestar.

ESTATUTO MARCO

- **Pór fin a Taxa de Reposición** e cuantificar as prazas que quedaron vacantes dende a súa implantación.
- **Fomento e promoción das especialidades de enfermaría:**
 - **Incrementando o número de unidades docentes** e a nivel estatal o continuo **aumento progresivo das prazas formativas**, así coma a **estabilización das mesmas a nivel autonómico**.
 - Análise das **necesidades para a creación de novas especialidades** segundo o seu desenvolvemento real.
- **Xubilación anticipada e exención de noites** para o persoal maior de 55 anos, sen perda retributiva.
- **Reclasificación profesional no grupo A1**, pola actual imposibilidade legal de acceder a determinados postos de altos cargos de dirección, grupos de investigación e docencia.





ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL

- A realización dunha **Oferta Pública de Emprego** que inclúa:
 - Todas as prazas **vacantes, que dende o 2012 non foron ofertadas** debido a Taxa de Reposición.
 - As **novas razóns enfermeira/doente** recomendadas pola Comisión Non Permanente.
- **Redución dos tempos burocráticos nos procesos selectivos e nas ofertas públicas de emprego.**
- A urxente implantación dunha **política de fidelidade do persoal** para reter ao persoal do Servizo Galego de Saúde que non teñan que optar por outras opcións laborais como empresas privadas e servizos sanitarios doutras comunidades autónomas, que ofrezcan mellores e máis estables condicións laborais:
 - **Programas de retención do persoal**
 - **Programas de benestar e preservación da saúde mental do persoal**
 - **Programas de flexibilización laboral, reducindo o número de horas e turnos de traballo adicional** así como, sempre que as propias características do servizo o permitan, a **implantación da xornada laboral de 12 horas.**
 - **Enquisas anuais de satisfacción** a todos os profesionais e aos pacientes que teñan contacto co contorno hospitalario e de atención primaria.
- A **recuperación de todos os acordos retributivos e de xornada** suspendidos polo goberno da Xunta de Galicia e acordados previamente coas organizacións sindicais.

A realización das **modificacións legais** necesarias para que **situacións como as que vivimos na actualidade non volvan repetirse e garantir un emprego estable e de calidade** ao nivel da atención ofertada.

"Se podes curar cura, se non podes curar, alivia e se non podes aliviar, consola"



Queremos insistir na **necesidade de investir** para mellorar a situación das enfermeiras, mellorando o desenvolvemento da profesión, a formación e por suposto as condicións laborais, así como unha maior participación da Enfermería nas políticas de saúde:

- Aumentar o **investimento** na mellora da formación, do desenvolvemento profesional, dos estándares, da regulación e das condicións de emprego para as enfermeiras.
- Aumentar a **difusión de prácticas efectivas e innovadoras** en enfermería e **incrementar a influencia das enfermeiras nas políticas de saúde**, como parte dos esforzos máis amplos para garantir que as forzas de traballo de saúde estean máis involucradas na toma de decisións.
- **Máis enfermeiras en posicións de liderazgo e máis oportunidades de desenvolvemento** en todos os niveis.

En resumo, **o aumento do investimento vai ser fundamental** nas próximas décadas nun entorno competitivo en constante evolución. Non só **preservará a calidade da atención** ao paciente, senón que tamén **contribuirá á sustentabilidade** e ao éxito a **longo prazo** da institución sanitaria. Ao **investir no benestar e desenvolvemento dos profesionais** de enfermería, non só **se conservan activos valiosos**, senón que enviará íase unha **mensaxe clara de compromiso** coa excelencia na asistencia sanitaria.

Edición: Enfermeiras en Loita

Maquetación: Equipo de Comunicación

Imaxes: Banc d'Imatges Infermeres

Autoría: Ariadna Creus y Àngel García

Edición Decembro 2023